



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Bases do concurso de disfraces Entroido 2026

ASUNTO: BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026 CONCELLO DE ABEGONDO

EXPEDIENTE: 2026/G003/000003

Por Resolución de Alcaldía núm. 13/2026 de data 14.01.2026 acordouse realizar a convocatoria pública das bases do Concurso de Disfraces Entroido 2026 do Concello de Abegondo

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026 CONCELLO DE ABEGONDO

Co obxectivo de fomentar a cultura, promover o Entroido no municipio de Abegondo e dinamizar esta festa tradicional, a Concellería de Cultura do Concello de Abegondo propón convocar o Concurso de Disfraces do Entroido 2026 do Concello de Abegondo, que se rexerá polas seguintes bases:

PRIMEIRA.- Obxecto

O Concello de Abegondo ten como unha das súas prioridades a promoción cultural do Entroido, por tratarse dunha das festas tradicionais máis celebrada e popular entre os seus veciños.

Co obxectivo de promover a participación cidadá mediante a presenza do disface, convócase unha nova edición do concurso de disfraces, onde poderán expoñer os seus disfraces elaborados, coreografías, escenificacións, etc...

SEGUNDA.- Participantes categoría disfraces

a) **Individuais/parellas:** poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 18 ou máis anos. Admitiranse ata dous integrantes nesta modalidade.

b) **Grupos:** encádranse nesta categoría os participantes grupais nos que o total de integrantes estean comprendidos entre 3 ou 7 participantes, ámbolos dous inclusive.

c) **Comparsas:** encádranse nesta categoría os grupos de persoas integrados como mínimo por oito compoñentes.

d) **Accésit local de fomento á cultura local para grupos e comparsas locais, co fin de incentivar o mantemento das tradicións festivas do municipio e sufragar os custos de confección de disfraces.**

Grupos locais: Sempre que o número de grupos non supere o total de 5, recibirán 50 euros cada grupo. No suposto de que se supere, repartiríase proporcionalmente a cantidade total presupostada entre eles. Considérase grupo do municipio o composto na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

Comparsas locais: Sempre que o número de comparsas non supere o total de 5, recibirán 100 euros cada comparsa. No suposto de que se supere, repartiríase proporcionalmente a cantidade total presupostada entre elas. Considérase comparsa do municipio o composto na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

A participación neste accésit non impide participar no resto das categorías.

TERCEIRA.- Lugar e prazos de presentación

Inscripcións no modelo facilitado polo concello no que deberá facerse constar os seguintes aspectos:

- nome do disface
- número de participantes e idade destes
- nome, apelidos e DNI de todos os membros que compoñen a comparsa ou grupo
- documento asinado por todos os integrantes - no caso de grupos- no que se designe a un representante para a actuación ante o Concello.

No caso de que todos os integrantes sexan menores de idade, necesitarán que unha persoa adulta, que sexa pai, nai/ titor dalgún dos integrantes, os represente.

- fotocopia do DNI do representante

- declaración responsable de todos eles de que cumpren cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Autorización para a consulta ou certificado positivo de estar ao corrente coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello de Abegondo.

O prazo para a inscrición na Casa do Concello remata o día 13 de febreiro de 2026 ás 20.00 h. Excepcionalmente, e previa autorización dos membros organizadores do evento, os participantes poderán inscribirse o mesmo día do concurso.

O concurso de disfraces terá lugar o domingo 15 de febreiro de 2026 nas instalacións e anexos do pavillón municipal de San Marcos, a partir das 18:00 h.

CUARTA.- Desenvolvemento

Os grupos, comparsas e demais participantes no concurso de disfraces deberán desfilarse diante do xurado. Cada membro do xurado outorgará unha puntuación, que debe ser de entre 0 e 10 puntos. A puntuación dependerá non soamente do disface, senón que tamén contarán a orixinalidade, o desenfado, a coreografía, a dramatización, o número de integrantes e a animación dos concursantes.

Serán nomeados gañadores do concurso de disfraces un na categoría individuais/parella, tres na categoría Grupos, tres na categoría de Comparsas e tamén haberá un premio especial á orixinalidade, o cal será determinado polo xurado entre todos os participantes do concurso.

QUINTA.- Premios

Estes premios están incluídos na aplicación orzamentaria 334/48200. De ser o caso, efectuarase a oportuna retención de IRPF, os premios de 50€ y 100€ están exentos de retención, pero os premios de 300€, 500€ e 800€ deben levar a retención do 19%.

Os premios económicos en cada unha das categorías son os seguintes:

Individuais/parellas (adultos)

1º Premio: 100 €

2º Premio: 50 €

Grupos (de tres a sete integrantes)

1º premio: 300 €

2º premio: 200 €

3º premio: 100 €

Comparsas (8 ou máis integrantes)

1º premio: 800 €

2º premio: 500 €

3º premio: 300 €

Premio especial á orixinalidade: 100 €

Accésit local de fomento á cultura local para grupos e comparsas locais

Grupos locais: 250 € (50 € por grupo sempre que o máximo de grupos que se presente sexa de 5 grupos, de haber máis, realizarase reparto proporcional).

Comparsas locais (500 €) (100 € por comparsa sempre que o máximo de comparsas que se presente sexa de 5, de haber máis,realizarase reparto proporcional).

En ningún caso se contempla o empate, o Xurado terá que determinar o gañador na categoría que corresponda. En ningún caso se poderá incrementar o importe total dos premios.

SEXTA.- Entrega de premios

Os gañadores daranse a coñecer no mesmo día da Festa de Entroido (15 de febreiro de 2026), unha vez rematado o concurso. Os participantes que resulten gañadores recollerán nese momento un vale do premio. Os premiados deberán presentar os vales nos días seguintes na Casa do Concello de Abegondo, xunto coa documentación solicitada para a inscrición e un certificado expedido pola entidade bancaria do número de conta a nome do premiado ou representante, no que se efectuará o correspondente pago.

SÉTIMA.- Xurado

O xurado estará constituído por cinco membros, todos eles representantes do tecido asociativo, empresarial ou cultural do Concello de Abegondo.

O xurado será designado mediante resolución da Alcaldía. Os membros do xurado deberán formalizar unha acta coas oportunas valoracións na que se propoña a concesión dos premios.

Actuará como secretaria a técnica de Cultura, sendo a súa suplente a técnica de normalización lingüística do Concello de Abegondo ou a técnica media de Cultura, sen voto.

O xurado do Concurso de Disfraces do Entroido 2026 pode declarar algún premio deserto se o considera conveniente. O xurado, tamén poderá excluír do concurso a algún participante por considerar que non cumpre a finalidade do concurso.

O xurado estará facultado para interpretar estas bases e resolver as dúbidas e cuestións que xurdan no concurso.

OITAVA.- Aceptación das bases

Os participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan integramente as presentes bases.

Abegondo, 16 de xaneiro de 2026

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2026/240